

Normativa de recoñecemento mutuo de créditos ao abeiro de programas de intercambio

(aprobada no Consello de Goberno o 24 de maio de 2012 e modificada no Consello de Goberno o 22 de novembro de 2023 e 9 de maio de 2024)

Mais alá da permeabilidade que o espazo europeo de educación superior (EEES) supón para as persoas tituladas, as institucións de educación superior deben proporcionar un maior valor engadido aos estudos universitarios, co fin de facilitar maiores índices de competitividade aos seus titulados e tituladas en ámbitos xeográficos cada vez máis amplos.

O Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, que regula a organización das ensinanza universitarias, no seu artigo 24, Programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico, establece que «As universidades, no ámbito da súa autonomía, poderán organizar e ofertar programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao ou de mestrado universitario cun itinerario específico, que dará lugar á obtención, se son superadas todas as materias que o configuran, de cada un dos títulos universitarios oficiais que o conforman.»

A presente normativa ten como obxecto regular as condicións para o recoñecemento mutuo de estudos entre a Universidade de Vigo e os seus parceiros internacionais, co obxectivo de que o estudiantado procedente dos nosos parceiros poida obter un título de grao ou de mestrado da Universidade de Vigo e, de xeito semellante, o noso estudiantado poida obter unha titulación equivalente da devandita universidade estranxeira, sempre que se dean as condicións académicas que o permitan. Esta normativa asentará as bases para crear convenios nos que se produza un intercambio físico ou virtual do estudiantado. Calquera proposta de recoñecemento de dobres titulacións deberá estar suficientemente motivada e constar da documentación indicada nesta normativa que ampare que se poidan recoñecer os estudos correspondentes: memoria, detalle das materias susceptibles de recoñecemento etc.

Para acadar este obxectivo, esta normativa establece as condicións xerais polas que a Universidade de Vigo poderá asinar acordos específicos para o recoñecemento mutuo de estudos de grao ou de mestrado cos seus parceiros internacionais e, deste xeito, ofrecer dobres titulacións internacionais. Con isto contribúese á internacionalización da nosa universidade e, de xeito relevante, á do noso estudiantado e das persoas tituladas, xa que lles dá a posibilidade de obter unha titulación adicional noutra universidade. Ademais, permitiralles ter a capacitación profesional recoñecida de calquera persoa cunha titulación semellante no país de acollida, evitando procesos de homologación ou validación do seu título, ou mesmo volver realizar estudos coas mesmas características cos xa superados na nosa

universidade. Por outra banda, con estas alianzas contribúese a superar as barreiras que teñen os países con respecto ao outorgamento de titulacións a persoas doutra nacionalidade, xa que non será necesaria a homologación de estudos previos realizados no país de orixe.

Cómpre aclarar que con esta normativa non se pretende regular a implantación na nosa universidade das titulacións universitarias conxuntas internacionais definidas na disposición adicional sexta do Real decreto 822/2021, nin as titulacións universitarias conxuntas internacionais no marco do Programa de universidades europeas da Comisión Europea que recolle a disposición adicional sétima. Ao abeiro da presente normativa, o estudantado poderá obter dúas titulacións universitarias en dous países diferentes tras superar un período de estudos programado para este fin en cada unha das institucións de ensino superior participantes.

A cerna desta normativa constitúeo o acordo para o recoñecemento mutuo de créditos entre dúas universidades que se formalizará coa sinatura dun convenio de colaboración. Considérase unha boa práctica por parte das universidades que se esixa cursar nelas unha parte significativa dos estudos conducentes á obtención dunha titulación, sen que a lexislación vixente prescriba un número mínimo de créditos para cursar. Ademais, os límites de actuación virán fixados pola presente normativa, os Estatutos da Universidade de Vigo, as normas que os desenvolven e a lexislación que lle sexa aplicable en materia de convenios.

O artigo 24 do Real decreto 822/2021 establece que non se poderán implementar programas académicos de simultaneidade de tres ou máis titulacións.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

1.1 A presente normativa ten como obxecto establecer as condicións académicas para o recoñecemento mutuo de estudos de grao e de mestrado entre a Universidade de Vigo e os seus parceiros internacionais, de xeito que o estudantado alleo poida obter unha titulación da Universidade de Vigo tras superar un número axeitado de créditos na nosa universidade e completar os seus estudos na súa universidade de orixe.

1.2 Este recoñecemento farase nun contexto de reciprocidade. A universidade parceira deberá garantir un recoñecemento equivalente ao estudantado da Universidade de Vigo, de modo que poderá obter, simultaneamente, ambos os títulos.

1.3 Así mesmo, deberá existir un equilibrio entre o número de estudantes de ambas

as institucións recollido no convenio de colaboración.

Artigo 2. Xestión do programa

A vicerreitoría con competencias en materia de internacionalización será o órgano responsable para xestionar e manter a información relativa aos programas de recoñecemento mutuo de estudos definidos nesta normativa.

CAPÍTULO II. DOS CONVENIOS DE RECOÑECIMENTO DE ESTUDOS

Artigo 3

A existencia dun programa de recoñecemento de estudos para obter unha titulación oficial da Universidade de Vigo basearase na sinatura dun convenio específico de recoñecemento de estudos por parte da Universidade de Vigo e un dos seus parceiros internacionais. No convenio definiranse as condicións para o recoñecemento recíproco dos créditos conducentes á obtención das titulacións vencelladas ao programa e a relación que existirá entre as institucións participantes, é dicir, se o estudiantado realizará unha mobilidade ou se se tratará dun intercambio virtual.

Artigo 4

O órgano competente para propoñer un destes programas na Universidade de Vigo é a xunta do centro ao que estean adscritos os estudos conducentes á obtención da titulación participante no programa de recoñecemento mutuo de estudos. No caso de titulacións adscritas a máis dun centro poderá propoñer este programa a xunta de centro ou, no seu caso, xuntas de centro que estea ou estean interesadas en participar neste e aproben promovelo, resultando de aplicación o programa unicamente para o centro ou centros que así o aprobasen na súa respectiva xunta de centro.

No caso de programas que requiran mobilidade física deberá asinarse o seu convenio de mobilidade previamente ou simultaneamente ao convenio interinstitucional para o recoñecemento mutuo de créditos.

Artigo 5

O convenio de colaboración para o recoñecemento mutuo dos créditos conducentes á obtención dunha titulación oficial recollerá de xeito explícito, polo menos, os aspectos seguintes:

- a) Identificación das titulacións da Universidade de Vigo e da universidade parceira participantes no programa.

- b) Identificación do cargo académico responsable do programa e da coordinación coa universidade parceira.
- c) Número máximo de estudantes participantes de cada institución tendo en conta o número equilibrado de estudantes indicado no artigo 1.3.
- d) Duración do convenio de colaboración e condicións de prórroga ou renovación, se procede.
- e) Indicacións de onde se deberán aboar os prezos tanto académicos coma administrativos.

Artigo 6

O convenio de colaboración para o recoñecemento de titulacións incluírá un anexo onde se concretarán as condicións académicas do programa. Este anexo formará parte integral do devandito convenio e incluírá como mínimo a seguinte información:

- a) A relación de requisitos académicos previos que deberá cumprir o estudantado da universidade parceira para participar no programa, se procede. Incluírase de xeito explícito a suma total de créditos ECTS correspondentes aos estudos previos establecidos como requisito.
- b) A relación de requisitos académicos previos que deberá satisfacer o estudantado da Universidade de Vigo para participar no programa, se procede. Incluírase de xeito explícito a suma total de créditos ECTS correspondentes aos estudos previos establecidos como requisito.
- c) Relación de materias impartidas na Universidade de Vigo que o estudantado da universidade parceira poderá cursar para obter a titulación oficial da Universidade de Vigo disposta no programa, unha vez superados os estudos recollidos no punto a), identificando as materias que teñen carácter obrigatorio dentro deste programa. Indicarase de xeito explícito o número mínimo de créditos que se deberán superar da citada relación.
- d) Relación de materias impartidas na universidade parceira que o estudantado da Universidade de Vigo poderá cursar para obter a titulación oficial da universidade parceira disposta no programa, unha vez superados os estudos recollidos no punto b), identificando as materias que teñen carácter obrigatorio dentro do programa. Indicarase de xeito explícito o número mínimo de créditos da citada relación que se deberán superar.
- e) Unha táboa-resumo que inclúa o número global de créditos do programa en cada institución participante, o número de créditos correspondentes aos requisitos previos para participar no programa, de ser o caso, e o número mínimo e máximo de créditos cursados en cada institución participante en función do tipo de materias, sexan obrigatorias, optativas ou calquera outra de formación básica.
- f) A aprobación das condicións académicas do programa, por parte da xunta ou

xuntas de centro, consonte co artigo 4, da Universidade de Vigo onde estean adscritos os estudos involucrados.

g) A aprobación das condicións académicas do programa, por parte do órgano competente da universidade parceira.

Artigo 7. Créditos mínimos superados

7.1. O estudantado participante nestes programas deberá superar en cada universidade un mínimo de 60 créditos ECTS para os estudos de grao e un mínimo de 30 créditos ECTS para os estudos de mestrado.

7.2. Segundo o establecido no artigo 10.3 do Real decreto 822/2021, que establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de garantía da súa calidade, non poderán ser recoñecidos os créditos correspondentes ao TFG e ao TFM, a excepción dos que se desenvolvan especificamente nun programa de mobilidade.

Artigo 8

A comisión de mobilidade internacional avaliará as propostas de programas de recoñecemento mutuo de titulacións e emitirá un informe favorable ou desfavorable, tendo en consideración as características académicas da universidade socia, as equivalencias entre os estudos incorporados ao programa e calquera información adicional relevante achegada polo órgano proponente.

Artigo 9

Os convenios específicos de colaboración para desenvolver estes programas que contén co informe favorable da comisión de mobilidade internacional serán asinados polo reitor ou pola persoa responsable da vicerreitoría con competencias en internacionalización en que delegue.

CAPÍTULO III. DA PARTICIPACIÓN DO ESTUDANTADO

Artigo 10

Poderá participar nestes programas o estudantado que estea cursando estudos oficiais de grao ou de mestrado na Universidade de Vigo para os que existan uns estudos equivalentes nunha universidade estranxeira coa que se asinase un convenio de colaboración para o recoñecemento mutuo de estudos.

Artigo 11

Para participar nun destes programas, o estudantado propio deberá cumprir os

seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado na Universidade de Vigo en estudos oficiais de grao ou de mestrado no momento da solicitude e durante a realización destes estudos na universidade parceira.
- b) Ter superados os requisitos académicos previos para participar no programa, recollidos no convenio de colaboración ao que se refiren os artigos 5 e 6 desta normativa.
- c) Contar coa conformidade da persoa responsable de relacións internacionais da titulación no centro de orixe.
- d) Dispor da aceptación oficial da institución de acollida para realizar os estudos que solicita. A comunicación ou a carta de aceptación especificará explicitamente que participa nun programa de recoñecemento mutuo de estudos que permite obter unha titulación da citada universidade tras superar os requisitos académicos recollidos no convenio de colaboración.
- e) Superar, en cada universidade participante no programa, o número de créditos mínimo establecido no convenio de colaboración.

Artigo 12

O estudantado participante nestes programas terá os dereitos seguintes:

- a) No caso de estudantes que realicen unha mobilidade, a recibir información a través da Oficina de Relacións Internacionais, e a través das persoas responsables de relacións internacionais e titores/as académicos dos seus centros, sobre as convocatorias, bolsas, requisitos e trámites administrativos necesarios para a adecuada organización e planificación da súa estada internacional, así como sobre os trámites conducentes á obtención e á expedición dos dous títulos recollidos no programa.
- b) No caso de estudantes que realicen estudos virtuais na universidade parceira, a recibir información a través das persoas responsables de relacións internacionais e titores/as académicos dos seus centros, sobre os requisitos e trámites administrativos necesarios para a adecuada organización, planificación e trámites conducentes á obtención e á expedición dos dous títulos recollidos no programa.
- c) A formalizar antes do comezo dos estudos na universidade parceira un contrato de estudos que recolla o programa de estudos previsto e o recoñecemento de créditos. Este contrato realizarase en consenso coa persoa responsable de relacións internacionais no centro de orixe. No caso de estudantes que realicen unha mobilidade, terán que comunicarlle á Oficina de Relacións Internacionais o devandito contrato de estudos.
- d) A ter pleno recoñecemento dos créditos realizados como parte do plan de estudos oficiais, nos termos previstos no contrato de estudos e no convenio

específico. A persoa responsable de relacións internacionais do centro ao que están adscritos os estudos conducentes á obtención da titulación participante será a encargada de recoñecer os estudos realizados no centro parceiro, así como de seguir o procedemento para que se recollan no seu expediente académico.

- e) A conservar as bolsas e as axudas ao estudo compatibles coa participación no programa.
- f) A estar exento dos prezos académicos e administrativos na universidade de destino, sempre que sexan aboados na universidade de orixe e se achegue a documentación xustificativa do citado pagamento.
- g) A obter os títulos académicos recollidos no convenio de colaboración unha vez superados os requisitos académicos establecidos do programa.

Artigo 13

O estudiantado participante nestes programas terá as obrigas seguintes:

- a) A formalizar correctamente, de xeito fidedigno, e presentar no tempo e na forma establecidos, a solicitude de participación no programa, o contrato de estudos correspondente aos estudos que vai realizar, os informes de fin de estudos na universidade parceira e, no caso de mobilidades, o resto da documentación esixida pola Oficina de Relacións Internacionais.
- b) A comunicar calquera cambio producido na súa situación académica que afecte á súa participación no programa.
- c) A subscribir un seguro de accidentes, de saúde ou de responsabilidade civil que cubra o período da estadía.
- d) A realizar os trámites correspondentes, antes e durante a estadía, para garantir que a súa situación xurídica no país de destino cumpre todas as esixencias da lexislación vixente no devandito país.
- e) A incorporarse ao seguimento dos estudos na institución parceira na data establecida. No caso de mobilidades, de comunicarlle esta incorporación á Oficina de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo, enviándolle o certificado de chegada correspondente nos dez días seguintes á data de incorporación.
- f) Na mobilidade, de comunicarlles á persoa responsable de relacións internacionais da titulación no centro na Universidade de Vigo, á Oficina de Relacións Internacionais e á persoa responsable da coordinación académica, no caso de estudantes de mestrado, o seu enderezo postal, o enderezo electrónico e o teléfono de contacto no país de destino.
- g) A cumprir integramente as normas académicas e de comportamento da institución de destino.
- h) A aproveitar na medida das súas posibilidades o programa de estudos,

incluíndo a súa participación en todos os procesos de avaliación previstos para os cursos, materias e créditos recollidos no contrato de estudos.

- i) A achegarlle á persoa responsable de relacións internacionais da titulación participante, ou á persoa responsable da coordinación académica no caso de estudantes de mestrado, as certificacións académicas correspondentes aos seus estudos na universidade parceira.
- j) A solicitar a expedición do título e aboar os prezos públicos aplicables na universidade de acollida, unha vez rematados os estudos.

O incumprimento de calquera destas obrigas por causas non xustificadas poderá supor a perda do dereito ao recoñecemento académico, así como a exclusión en futuros procesos de selección en calquera programa de mobilidade internacional no que participe a Universidade de Vigo ou que promova esta. As medidas serán acordadas polo reitor por proposta da vicerreitoría con competencias en internacionalización, tras a incoación do correspondente expediente contradictorio.

Artigo 14

O estudantado da Universidade de Vigo que desexe participar nun destes programas deberá seguir o procedemento establecido no convenio de colaboración específico do seu centro. A persoa responsable de relacións internacionais de cada centro comunicarlle á vicerreitoría con competencias en internacionalización a listaxe do estudantado participante no programa.

CAPÍTULO IV. DA EXPEDICIÓN DE TÍTULOS

Artigo 15

As persoas responsables de relacións internacionais de cada centro comunicaranlles ás áreas académicas de grao ou de posgrao o estudantado de intercambio alleo que participe nestes programas e que teña satisfeito os requisitos académicos para obter unha titulación oficial da Universidade de Vigo.

Artigo 16

O estudantado alleo participante nestes programas de recoñecemento mutuo de titulacións estranxeiras poderá solicitar a expedición do título correspondente á titulación participante da Universidade de Vigo se ten superados os estudos que debe cursar na Universidade de Vigo recollidos no convenio de colaboración e na presente normativa.

En tanto non se lle expida e se lle entregue á persoa interesada o título solicitado, esta terá dereito, dende o momento de aboar os dereitos de expedición do título,

a que se lle expida unha certificación supletoria do título solicitado.

Artigo 17

Os procedementos de expedición, entrega e remisión dos títulos correspondentes ás ensinanzas impartidas na Universidade de Vigo ao estudantado alleo participante nestes programas serán os establecidos na Universidade de Vigo para os seus propios estudantes.

CAPÍTULO V. DAS FUNCIÓNS DOS/AS RESPONSABLES DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS DOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Artigo 18

Os responsables de relacións internacionais de cada centro proponente terán as funcións de:

- a) Informar a vicerreitoría con competencias en internacionalización do interese do seu centro en realizar un convenio de recoñecemento de dobre titulación internacional cunha institución específica.
- b) Colaborar coa correspondente vicerreitoría na redacción do convenio.
- c) Asegurar que os plans de recoñecemento recollidos en cada convenio son obxectivos e axeitados.
- d) Unha vez redactado o convenio, deberán de trasladarlle á vicerreitoría con competencias en internacionalización a conformidade da xunta de centro.
- e) Deberán de comunicarlles todos os anos á devandita vicerreitoría e a área académica correspondente, ao inicio do curso académico, os datos persoais dos e das estudantes propios e alleos que nese curso se acollerán a este convenio

DISPOSICIÓN FINAL

Esta normativa entrará en vigor a partir do día que a asine o reitor.